

DATA DE  
RECEPCIÓN:  
01/05/2014

DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
21/10/2014



***Presença e Significado de Manuel António Pina  
na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude***

Sara Raquel Duarte Reis da Silva

Fundação Calouste Gulbenkian

/ Fundação para a Ciência e a Tecnologia

Serie bibliográfica “Textos Universitários

de Ciências Sociais e Humanas”

Abril 2013, 482 pp.

(ISBN: 978-972-31-1485-0)



***Isabel Mociño González***

Universidade de Vigo

imocino@gmail.com

En 2013 a Fundação Calouste Gulbenkian, en colaboración coa Fundação para a Ciência e a Tecnologia, publicou o estudo da profesora Sara Reis da Silva *Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude*, unha investigación que se defendeu como tese de doutoramento en decembro de 2009 na Universidade do Minho (Braga) e que foi codirixida polos profesores Fernando Fraga de Azevedo desta mesma universidade e Blanca-Ana Roig Rechou da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta tese, que é un exemplo mais da estreita colaboración que se está levando a cabo dende hai anos entre os investigadores de ambas as marxes do Miño, tivo o seu xerme no I Encontro de Investigadores de Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico, que se celebrou entre o 2 e o 4 de febreiro de 2004 no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es>), evento no que tamén se xestou a creación da Rede temática de investigación “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI, <http://www.usc.es/gl/proxectos/lijmi/>), á que Sara Reis da Silva está vinculada dende a súa fundación, ademais de exercer como profesora auxiliar no Instituto de Educación da Universidade do Minho e formar parte do Centro de Investigación em Estudos da Criança (CIEC) e do proxecto Gulbenkian/Casa da Leitura.

Mociño González, Isabel (2014). *Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude* (2013), de Sara Raquel Duarte Reis da Silva, *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 1, "Recensións", 133-136. ISSN 2386-7620

Coa publicación deste traballo sobórdanse os límites do estritamente académico para poñer a disposición de todos os interesados unha obra imprescindible sobre a Literatura Infantil e Xuvenil e a produción de potencial recepción infantil dun dos autores máis destacados da Literatura portuguesa do século XX, Manuel António Pina (Sabugal, Portugal, 1943-Porto, 2012). Entre os aspectos a salientar, cabe citar a perspectiva adoptada pola investigadora, que destaca polo enfoque abrangedor/integrador co que se achega á produción de Pina e a contextualización que fai desta na historia da Literatura portuguesa para os máis novos. Un enfoque que responde perfectamente aos presupostos metodolóxicos que se expoñen na “Introdução”, na que se adianta que a análise da obra de Manuel António Pina atende a cuestións como a competencia literaria, a intertextualidade e a súa relación co humor, aspectos moi ligados á orixinalidade da escrita deste creador e á pluralidade dos eixos ideotemáticos empregados, nos que se insiren as consideracións da investigadora sobre as características, significación e relevancia destes presupostos.

O paso do xeral ao particular plásmase nos dous grandes bloques que conforman a obra: “Contributos para o estudo da Literatura Infanto-juvenil (LIJ) em Portugal” e “Manuel António Pina (MAP): presença(s) e sentido(s) da sua escrita na LIJ portuguesa”. No primeiro, faise unha revisión da historiografía da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa publicada ata o ano 2000 tendo en conta teorías diversas. A seguir analízanse as principais tendencias formais e temáticas e as innovacións que se observan neste sistema literario entre os anos 2001 e 2006. O segundo bloque, o máis extenso, aborda o asunto central da investigación: a análise dos trazos e/ou aspectos ideotemáticos e os recursos técnico-expresivos que singularizan a produción literaria de Manuel António Pina, particularmente as súas obras de potencial recepción infantil e xuvenil nos diferentes xéneros literarios (narrativa, poesía ou texto dramático), con títulos que van dende os contos de *O País das Pessoas de Pernas para o Ar* (1973), *Gigões & Anantes* (1974), *O Têpluquê* (1976) ou *O Pássaro da Cabeça* (1983) ou as pezas de teatro *História com Reis, Rainhas, Bobos, Bombeiros e Galinhas* (1984) ou *A Guerra do Tabuleiro de Xadrez* (1985), entre outras moitas. Unha plurixenérica, recoñecida e premiada produción que se analiza pormenorizadamente e na que se salientan estratexias como o *nonsense*, a ironía ou a creatividade na invención de novos vocábulos, que deixan sentir a pegada doutros textos e doutros autores, que reflicten o rendemento semántico-estilístico da intertextualidade, que adquire unha gran potencialidade, na maior parte dos casos de carácter humorístico, aspecto



*Presença e Significado de Manuel António Pina  
na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude (2013),  
de Sara Raquel Duarte Reis da Silva*

que se considera un dos trazos definidores da obra deste autor e que Sara Reis sistematiza moi acertadamente. Estúdase tamén a importancia que os estudos historiográficos lle concederon a este creador, dende as Historias da Literatura portuguesa, as teses de mestrado, os volumes de congresos ou encontros científicos e a través de obras individuais e colectivas de carácter crítico e divulgativo e mesmo artigos esporádicos en xornais.

*Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude* achega unha das voces máis orixinais do panorama literario portugués contemporáneo, non só no ámbito da literatura para os máis novos, senón tamén no universo da literatura para adultos, resultado dun demorado e coherente labor de investigación que servirá de referencia para outros estudosos e mediadores, xa que Sara Reis realiza unha precisa síntese das bases metodolóxicas manexadas e unha sólida contextualización de Manuel António Pina no amplo marco da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa ata o ano 2006, e fai unha dilatada análise textual e icónica, cuxas constantes do autor se observan, en maior ou menor grao, tamén na produción xeral da Literatura Infantil e Xuvenil e da Literatura institucionalizada de autores e ilustradores, canónicos ou en vías de canonización, noutros sistemas literarios, entre os que aparecen a metaficcionalidade, o fragmentarismo, a brevidade e o humor en calquera das súas tipoloxías.

Tamén é de salientar entre as achegas deste traballo a acertada organización da exhaustiva bibliografía consultada, ao manter de novo a atención fixada no autor, a súa obra e os tópicos analizados, o que se complementa cunha dúcia de anexos finais que, máis alá de seren un mero complemento da investigación precedente, constitúen un material inestimábel para comprender o gran valor da obra creativa de Manuel António Pina.

En definitiva, este traballo é unha mostra máis da fonda mirada inquisitiva e reflexiva que Sara Reis da Silva vén demostrando en todas e cada unha das súas achegas, dende o claro convencemento de que é preciso estudar a produción da Literatura Infantil e Xuvenil dende enfoques multidisciplinares que combinen a perspectiva da Historia literaria, da Crítica literaria, da Teoría da Literatura e da Literatura comparada. Perspectivas que ten posto en práctica tamén en múltiples colaboracións en monográficos colectivos, como os publicados anualmente pola Rede LIXMI, e para revistas como *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude* ou o *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, pero sobre

todo ás obras de autoría individual coas que ten contribuído á divulgación do estudo da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa, das que son boa mostra as publicadas na colección “Percurso da Literatura Infantojuvenil” da editora Tropelias&Companhia, como son *Encontros e Reencontros. Estudos sobre Literatura Infantil e Juvenil* (2010), *Entre Textos. Perspectivas sobre a Literatura para a Infância e a Juventude* (2011) e *De Capuz, Chapelinho ou Gorro. Recreações de O Capuchinho Vermelho na Literatura Portuguesa para a Infância* (2012), ás que de seguro se sumarán en breve outros contributos desta excelente investigadora.

